***RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a mellora da capacidade da innovación das empresas en Galicia, a través do financiamento das actividades integradas en plans de deseño e innovación (programa Igape Innova), e se convocan para os anos 2026-2027. Instituto Galego de Promoción Económica (DOG Nº 10, 16/01/2026)***

## Obxecto

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas a pequenas e medianas empresas (pemes) e grandes empresas con centro de traballo en Galicia, co obxectivo de incrementar a súa capacidade innovadora, mediante a introdución de innovacións significativas que incrementen a súa competitividade, a través da aplicación do deseño, da xeración e incorporación de coñecementos, tecnoloxías e innovacións destinadas á mellora de procesos e á creación de produtos e servizos tecnoloxicamente avanzados e de maior valor engadido.

Haberá dúas liñas de actuación:
Liña 1. Plans de innovación en procesos e organización: innovación en procesos e innovación en organización.
Liña 2. Plans de deseño para a innovación e a sustentabilidade: deseño de produto/servizo,

Estas axudas tramitaranse polo réxime de **concorrencia competitiva.**

O código de procedemento é **IG408L**

## Persoas beneficiarias

- Pemes ou cun centro de traballo en Galicia para as liñas 1 e 2
- Grandes empresas galegas ou cun centro de traballo en Galicia para a liña 2.

## Características das liñas

**a) Liña 1. Plans de innovación en procesos e organización.**

1º. Innovación en procesos: proceso novo ou mellorado para unha ou máis funcións de negocio que difiren significativamente do proceso de negocio anterior da empresa e que se poñen en uso por primeira vez na empresa.

- Métodos de fabricación ou produción de bens ou servizos innovadores
- Sistemas loxísticos ou métodos de entrega ou distribución.
- Métodos de procesamento de información ou comunicación con intensificación tecnolóxica.
- Métodos de márketing para promoción, embalaxe, fixación de prezos, posicionamento do produto ou servizos posvenda.
- Innovacións en procesos con beneficios ambientais
- Testaxe a escala preindustrial e pilotos de tecnoloxías facilitadoras (TFE)

2º. Innovación en organización: Método novo ou mellorado para unha ou máis funcións relativas á organización empresarial e as súas interaccións, que difiren significativamente dos métodos anteriores da empresa e que se poñen en uso por primeira vez.

i) Creación de departamentos/unidades de I+D+i.

- Creación e ampliación da capacidade tecnolóxica estable dentro das empresas mediante a contratación de persoal especializado.

• Creación de estruturas de investigación e innovación de dimensión apropiada para a xeración de desenvolvemento tecnolóxico e non asociadas á actividade produtiva.

ii) Deseño e desenvolvemento de novos procesos de organización

iii) Validación, a través de pilotos, novos métodos ou metodoloxías enfocadas á:

• Mellora organizacional no negocio ou a organización do traballo.
• Xestión do coñecemento ou a toma de decisións.
• Xestión dos recursos humanos e a responsabilidade social.
• Relacións cara o exterior (con provedores, clientes, intermediarios…).
• Establecemento de relacións de cooperación e innovación aberta.
• Redefinición das estratexias de comercialización e relación con clientes e provedores ou a apertura de novos mercados. Non se inclúen as actuacións relativas á comercialización que non poidan ser considerados pilotos de innovación.

**b) Liña 2. Plans de deseño para a innovación e a sustentabilidade.**
1º. Deseño de produto/servizo: Concepción e desenvolvemento de produtos / servizos novos ou, no caso de redeseño dos xa existentes, que se aprecie unha mellora substancial desde o punto de vista estético, funcional, técnico/produtivo e económico.

Fase I: Análise, estratexia e conceptualización
Fase II: Deseño de detalle e desenvolvemento
Fase III: Preindustrialización

## Conceptos subvencionables

Custos directos:

- Custos de persoal, propio ou de nova contratación.
- Subcontratacións: (máximo 50% dos custos directos)
- Material, subministracións e produtos similares
- Patentes e outros activos inmateriais e obtencións de certificacións
- Servizos de asesoramento en materia de deseño e/ou innovación.
- Servizos de apoio en materia de innovación
- Adquisición de propiedade industrial
- Equipamento e material instrumental inventariables, de nova adquisición.

Custos indirectos: será o 20% dos custos directos.

O orzamento subvencionable para cada plan, será dun mínimo de 50.000 euros e dun máximo de 250.000 euros por plan.

## Contía das axudas

| Tipo empresa | Liña | Orzamento | Subvención | Intensidade |
|---|---|---|---|---|
| Peme | Liña 1: Plan de Innovación | Mínimo: 50.000 €. | De 25.000 € a 125.000 € | 50% |
| | Liña 2: Plan de deseño | | | |
| Gran empresa | Liña 2: Plan de deseño. Deseño experimental de proxectos de deseño | Máximo: 250.000 € | De 12.500 € a 62.500 € | 25% - 40% |

No caso de gran empresa, a axuda poderá ser do 40% cando se difundan os resultados

## Prazo de execución

O prazo de execución dos plans de deseño e innovación comezará a partir da data de solicitude da axuda, sen que, en ningún caso, se poida superar o 30 de setembro de 2027.

As persoas beneficiarias das axudas deberán presentar a solicitude de cobramento como máis tarde o 30 de setembro de 2026 para os proxectos cuxo prazo máximo de execución sexa o 30 de setembro de 2026 ou anterior (proxectos dunha anualidade), e como máis tarde o 30 de setembro de 2027 no resto dos proxectos (proxectos de dúas anualidades).

## Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto dende o **17 de xaneiro ata o 17 de febreiro de 2026.**